



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO DE RENUNCIA Á DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELLEIRA DE EDUCACIÓN E CULTURA DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA, CELSA OREIRO BERMÚDEZ, E APROBACIÓN DE NOVO RÉXIME RETRIBUTIVO PARA O DITO CARGO

O Pleno da Corporación municipal, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de marzo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Toma de coñecemento e aceptación da renuncia á dedicación exclusiva formalizada pola concelleira de Educación e Cultura, D^a Celsa Oreiro Bermúdez.

SEGUNDO.- Determinar que o cargo de concelleiro/a de Educación e Cultura se desempeñará sen dedicación especial (nin exclusiva, nin parcial), o que implicará o dereito do/a integrante da Corporación que o ocupe/exerza a percibir as asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados corporativos dos que forme parte e as indemnizacións polos gastos efectivos, e debidamente xustificadas, ocasionados no exercicio do cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu caso e en desenvolvemento das mesmas, teña aprobado ou aprobe o Pleno municipal.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Coruña e no taboleiro electrónico do concello, e se dea traslado do mesmo aos interesados, así como aos servizos municipais encargados da tramitación, facultando á Alcaldía para cantas actuacións de trámite e propias das súas atribucións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Val do Dubra, 23 de marzo de 2026

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez